

El Orde do 22 de outubro de 2018 pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

TEXTO:

O Decreto 120/1998 do 23 de abril, (*Diario Oficial de Galicia do 27*), regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1 alínea 2, deste decreto establece que nos colexios de educación infantil e primaria, e nos colexios de educación primaria, nas condicións que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, determine, creárase un departamento de orientación que abranguerá no seu ámbito de actuación, ademais do propio centro, aqueles outros centros incompletos da mesma zona de escolarización. Este departamento estará coordinado por unha mestra/mestre responsable da orientación educativa, que exercerá as súas funcións como xefa/xefe do dito departamento.

Pola súa parte o artigo 13 do referido decreto establece que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional cubrirá o posto de traballo do responsable do departamento de orientación naqueles colexios de educación infantil e primaria ou de educación primaria que se determine, a través dun concurso de méritos específico entre o persoal funcionario do corpo de mestres. Considérase criterio preferente estar en posesión dunha das seguintes titulacións: doutoramento ou licenciatura en psicopedagogía, doutoramento, licenciatura ou grao en pedagogía ou en psicoloxía, doutoramento ou licenciatura en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía), tal como figura na alínea a) do artigo 4 do dito Decreto.

Na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998, autorízase á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para ditar cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do que nel se establece.

Na súa virtude esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

DISPÓN:

Primeira. *Obxecto*

Convocar concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do

corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación en colexios públicos de educación infantil e primaria ou de educación primaria.

Segunda. Vacantes que se convocan

As prazas que se cubrirán neste concurso son as que aparecen no Anexo II desta orde, e as resultas que se poidan producir nos centros que aparecen no Anexo III.

As prazas dos centros de orientación compartida (OC) solicitaranse co código do centro base que é o centro que aparece no primeiro lugar.

Tanto os departamentos de orientación únicos como os departamentos de orientación compartidos abrangueran no seu ámbito de actuación os centros que, se é o caso, se lles adscriban.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, no anexo II se relacionan os centros que previsiblemente terán adscritos no curso académico 2019-2020.

Terceira. Requisito de acreditación de coñecemento da lingua galega

Será requisito imprescindible posuír o certificado de lingua galega 4 (Celga 4), ou ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ou ter a validación correspondente ou telo superado a través de proba libre ou posuír o nivel avanzado da Escola Oficial de Idiomas. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito as persoas que superasen a proba de coñecemento da lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de mestres.

Cuarta. Poderán participar na presente convocatoria

a) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que estea en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, sempre que, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 12.1 do Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, transcorresen ao remate do presente curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Así mesmo, poderá participar o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres en expectativa de destino nun centro dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

c) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que, estando adscrito a

prazas no exterior, deba incorporarse ao ámbito territorial de xestión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no curso 2019-2020.

d) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que estea en situación de excedencia por coidado de familiares ou servizos especiais.

e) O persoal funcionario que estea en situación de excedencia voluntaria concedida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular recollida no artigo 173 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realice a convocatoria transcorrese un ano dende que pasaron a esta situación e dous anos dende que obtivo o destino definitivo en que lle foi concedida, se for o caso, a excedencia.

Quinta. Forma de participación

1. A solicitude cubrirase a través de Internet, empregando o portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo: www.edu.xunta.es/cxt

Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que, quen non a teña, deberá solicitala a través da páxina web <https://www.edu.xunta.es/contausuario/>

2. Persoal que completou o expediente persoal na base de datos.

Ao acceder á aplicación informática do concurso, o persoal que incorporou os datos persoais conforme á petición que lle foi formulada no seu momento pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos encontrarase cos méritos alegados que foron validados, verá os méritos que lle son baremables e os que non son considerados para os efectos de baremo, e ofreceráselle unha puntuación para o concurso.

Nos números 6.1 e 6.3 do anexo I desta convocatoria, o persoal que participou no concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010 (DOG do 16 de novembro), ou pola Orde do 3 de novembro de 2011 ou pola Orde do 24 de outubro de 2012 ou seguintes concorrerá coa puntuación que lle foi outorgada pola comisión de avaliación. Poden presentar para a súa consideración novos méritos que estean perfeccionados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes da última convocatoria pola que participaron.

Sen prexuízo do anterior, con carácter excepcional, o persoal interesado poderá renunciar á puntuación total dunha das epígrafes relacionadas e debe, neste caso, volver alegar os méritos da dita epígrafe ou epígrafes e presentar todos os documentos xustificativos deles.

De estar conforme co baremo que se lle propón e non querer alegar ningún novo mérito, imprimirase a solicitude e presentarase conforme ás normas xerais recollidas na base sexta.

De alegar algún novo mérito, farase constar na base de datos, imprimirá a solicitude e a folla de alegacións que xera a propia aplicación informática e xunto coa documentación xustificativa á que fai referencia no anexo I, entregaraa conforme ás normas recollidas na base sexta.

3. Persoal que non completou o expediente persoal na base de datos.

Ao acceder á aplicación informática do concurso, o persoal que non incorporou os datos persoais encontrarase con todos os datos que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten informatizados do seu expediente persoal, verá cales deles son considerados para os efectos de concurso e cales non, e a puntuación que lle corresponde por cada subepígrafe do baremo en función dos datos que constan no expediente, agás nos apartados puntos 6.1 e 6.3 do anexo I desta convocatoria.

De estar o expediente incompleto, o persoal concursante interesado completarao na base de datos, e imprimirá a solicitude e a folla de alegacións que xera a propia aplicación informática e, xunto coa documentación xustificativa a que se fai referencia no anexo I, entregaraas conforme as normas recollidas na base sexta.

4. En todo caso, o persoal participante no concurso que alegue méritos nos apartados 6.1 e 6.3 do anexo I imprimirá a folla correspondente a estes méritos da aplicación informática e xunto cos documentos xustificativos, remitiraa, dentro do prazo establecido na base común sétima, á comisión avaliadora sita na Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa da Besada, San Lázaro 107, código postal 15703.

5. Cando as novas alegacións sexan validadas pola comisión baremadora aparecerá na aplicación informática do concurso de traslados a nova baremación resultante dos méritos alegados.

6. A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

7. Todas as copias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsión, expedidas polas direccións dos centros, do Rexistro Xeral ou das xefaturas territoriais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Non se admitirá ningunha copia que careza da dilixencia de compulsión.

8. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poderá requirirlle ao interesado ou interesada, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non fosen acreditados debidamente.

Sexta. Presentación de solicitudes

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e poderán presentarse:

- a) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
- b) Nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.
- c) Na secretaría do centro educativo no que presta servizos o persoal concursante.
- d) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior, deberá terse en conta que para outros efectos distintos do concurso de traslados, as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas en que poden presentarse documentos dirixidos a calquera organismo público.

Sétima. Prazo de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 15 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas.

Oitava.

O persoal asinante da solicitude deberá manifestar nela, de modo expreso, que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, consignando os centros que solicita por orde de preferencia, cos números de código que figuran nos Anexos II e III da presente orde.

Novena. Data na que deben reunirse os requisitos de participación e de méritos

Todos os requisitos que se esixen nesta convocatoria e os méritos que alegue o persoal participante teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, agás o requisito de dous anos de permanencia no destino definitivo desde o que se solicita, que se contabilizarán a 31 de agosto do 2019.

Décima.

Non serán tidos en conta os méritos non alegados nas solicitudes nin tampouco aqueles que non se xustifiquen documentalmente durante o seu prazo de presentación.

Décimo primeira. Dereito preferente

O persoal docente que se acolla ao dereito preferente farao constar na súa solicitude, indicando a causa na que apoian a súa petición.

Para os efectos de adxudicación de prazas só se terá en conta o seguinte dereito preferente:

Terán dereito preferente, a centro, localidade ou zona, o persoal funcionario docente do corpo de mestres ao que se lle suprimise o seu posto de traballo, sempre que continúen nesa situación e non perdese o dereito preferente consonte a normativa que regula o concurso de traslados e o persoal funcionario docente do corpo de mestres desprazado por falta de horario, entendendo por desprazado o persoal docente que non ten ningunha hora de docencia da súa especialidade, que posúa algunha das seguintes titulacións: doutoramento ou licenciatura en psicopedagogía, doutoramento, licenciatura ou grao en pedagogía, ou en psicoloxía, doutoramento ou licenciatura en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía) ou que fose diplomado nas escolas universitarias de psicoloxía ata 1974.

Cando existan varias mestras ou mestres que exercen o dereito preferente, adxudicarase tendo en conta o establecido para os concursos xerais de traslados.

Décimo segunda. Prioridade na adxudicación das prazas

Para a provisión das prazas que se cubrirán neste concurso, cando non se adxudiquen a través dos méritos preferentes establecidos na base décimo primeira, terán prioridade as mestras ou mestres que posúan algunha das titulacións relacionadas na citada base. No suposto de concorrer máis dun aspirante, dirimiranse

pola aplicación do baremo establecido no anexo I.

No caso de se produciren empates no total das puntuacións, estes resolveranse, atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das alíneas do baremo establecido no anexo I, pola orde na que aparecen nel. Se persistise o empate atenderase á puntuación obtida nas distintas subalíneas pola orde, igualmente, que aparece no dito baremo. Para estes efectos, deberá terse en conta que, naquelas alíneas ou subalíneas do baremo para as cales se estableza unha puntuación máxima, a puntuación outorgada aos concursantes non poderá superala. De resultar necesario, utilizarase sucesivamente como último criterio de desempate o ano no que se convocou o procedemento selectivo a través do que se ingresou no corpo e a puntuación coa que resultou seleccionado.

Décimo terceira. *Comisión de avaliación.*

1. Para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire aos apartados 6.1 e 6.3 do anexo I desta orde, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional designará a mesma comisión que resulte para o concurso de traslados de ámbito autonómico.

A asignación de puntuación que corresponde as persoas concursantes, polos restantes apartados do baremo de méritos, será realizada por persoal destinado na Subdirección Xeral de Recursos Humanos ou por unha comisión constituída por funcionarias ou funcionarios destinadas na Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Estas comisións estarán cualificadas na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo).

2. Poderá asistir ás reunións da comisión avaliadora dos méritos relativos aos apartados 6.1 e 6.3 do baremo un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

Décimo cuarta. *Resolución provisional do concurso*

Unha vez recibidas na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional as actas da comisión avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme ás peticións e os méritos do persoal participante, á adxudicación provisional dos destinos e farase pública na páxina web desta consellería

(www.edu.xunta.gal/).

Décimo quinta. *Reclamacións e renuncias*

O persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional, a través do órgano no que presentaron a súa solicitude de participación, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da consellería.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

Igualmente e, no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación no concurso entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións consignadas na súa instancia de participación.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva.

Décimo sexta. *Resolución definitiva*

Consideradas, se é o caso, as reclamacións e renuncias ás que se refire a base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a ditar a resolución definitiva da adxudicación. A dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Contra esta resolución o persoal interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sétima. *Toma de posesión*

O persoal funcionario docente do corpo de mestres que acade destino no presente concurso exercerá a xefatura do departamento de orientación con carácter definitivo e tomará posesión con efectividade do 1 de setembro de 2019.

Décimo oitava. *Desprazamento aos centros adscritos*

O persoal funcionario docente do corpo de mestres que resulte adscrito ás xefaturas

dos departamentos de orientación dos colexios de educación infantil e primaria e dos colexios de educación primaria está obrigado a desprazarse, ademais de aos centros compartidos, aos centros que se lle adscriba, conforme ao establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril.

Décima novena. Constitución dos departamentos de orientación

Nos colexios públicos de educación infantil e primaria e nos de educación primaria nos que a praza de xefatura do Departamento de Orientación sexa provista na resolución da presente convocatoria constituirase o departamento de Orientación que terá a composición establecida no artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional primeira.

O persoal funcionario docente do corpo de mestres que estean participando simultaneamente nesta convocatoria e na realizada pola Orde do 15 de outubro de 2018, pola que se convoca concurso de traslados de ámbito autonómico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres, e que obteña praza definitiva da xefatura do departamento de orientación, entenderase que renuncia á participación no concurso xeral.

Disposición adicional segunda.

Contra esta Orde poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos prazos e forma establecidos na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I

Baremo

Méritos	Valoración	Documentos Xustificativos
1. Antigüidade		Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.1. Antigüidade no centro. 1.1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro desde o que concursa. Para os efectos deste subpunto unicamente serán computables os servizos prestados como persoal funcionario no corpo ou corpos a que corresponda a vacante.		
Polo primeiro e segundos ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.		2,0000 puntos por ano
Polo terceiro ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.		4,0000 puntos
Polo cuarto ano e seguintes: A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo.		6,0000 puntos por ano

Para a valoración do subpunto 1.1.1. teranse en conta as seguintes situacións:

– Considérase como centro desde o que se participa no concurso aquel a cuxo equipo pertenza o aspirante con destino definitivo, ou no que se estea adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por este subpunto os servizos prestados como persoal funcionario no corpo a que corresponda a vacante.

– Nos supostos de persoal funcionario docente en adscrición temporal en centros públicos españois no estranxeiro, ou en supostos análogos, a puntuación deste subpunto virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na devandita adscrición. Seguirase este mesmo criterio cos que foron nomeados para postos ou outros servizos de investigación e apoio á docencia da Administración educativa sempre que o nomeamento supuxese a perda do seu destino docente.

Cando se cese na adscrición e se incorpore como provisional á súa Administración educativa de orixe, entenderase como centro desde o que se participa, o destino servido en adscrición, ao cal se acumularán, se é o caso, os servizos prestados provisionalmente, con posterioridade en calquera outro centro.

– Cando se participe desde a situación de provisionalidade por suprimírselle a praza ou posto que se viña desempeñado con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, considerarase como centro desde o que se participa o último servido con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera centro. Así mesmo, terán dereito, ademais, a que se lles acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior ao último servido con carácter definitivo. Se é o caso, a devandita acumulación estenderase aos servizos prestados con carácter definitivo nos centros que, sucesivamente, lles foron suprimidos.

No suposto de que non se desempeñase outro destino definitivo distinto do suprimido, terá dereito a que se lle acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter provisional antes da obtención deste; neste caso a puntuación que se outorgará axustarase ao disposto no subpunto 1.1.2 do baremo.

O disposto nos dous parágrafos anteriores será igualmente de aplicación aos que participen no concurso por perder o seu destino en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado forzoso con cambio de localidade de destino.

– Nos supostos de primeiro destino definitivo obtido tras a supresión da praza ou posto que se viña desempeñado anteriormente con carácter definitivo, considerarase como servizos prestados no centro desde o que se concursa, os servizos que se acrediten no centro en que se lles suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase aos que obtivesen o primeiro destino tras perder o anterior por cumprimento de sentenza, resolución de recurso ou por provir da situación de excedencia forzosa.

1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación:

A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Cando se trate de persoal funcionario de carreira que participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente ao subpunto 1.1.1 sumaráselle a obtida por este subpunto. Unha vez obtido un novo destino, non poderá acumularse esta puntuación.

2,0000 puntos

Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.

<p>1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade. (ver disposición complementaria segunda)</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Esta puntuación engadirase á puntuación obtida polos subpuntos 1.1.1 ou 1.1.2.</p> <p>Non obstante, non se computará para estes efectos o tempo que se permanecese fóra do centro en situación de servizos especiais, en comisión de servizos, con licenzas por estudos ou en supostos análogos.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>— Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente, acompañada dunha certificación expedida por esta, acreditativa de que a praza, posto ou centro, ten esa cualificación ou – Certificación da Administración educativa competente onde conste a data de comezo e fin da prestación efectiva dos servizos prestados na devandita praza, posto ou centro, especificándose que teñen a cualificación de especial dificultade.</p>
<p>1.2 Antigüidade no Corpo</p>		
<p>1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo ou corpos ao que corresponda a vacante:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</p>
<p>1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior subgrupo:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.</p>	<p>1,5000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</p>
<p>1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE de subgrupo inferior:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0625 puntos por cada mes completo.</p>	<p>0,7500 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</p>

<p>– Nos supostos recollidos neste número 1, ao persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, para os efectos de antigüidade tanto no centro como no corpo, valoraráselles os servizos prestados como persoal funcionario dos correspondentes corpos de profesores, así como os prestados como persoal funcionario dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, de escolas oficiais de idiomas e de profesores de termo de artes plásticas e de oficios artísticos.</p> <p>– Os servizos aludidos nos subpuntos 1.2.2 e 1.2.3 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos dos subpuntos 1.1.1 ou 1.1.2.</p> <p>– Para os efectos dos subpuntos 1.1.1, 1.1.2, 1.2.1, 1.2.2 e 1.2.3, serán computados os servizos que se prestasen en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nas epígrafes previstas no artigo 87 do TRLEBEP aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada lei. Igualmente serán computados, para estes efectos, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, que non poderá exceder os tres anos.</p>		
<p>2. Pertenza aos corpos de catedráticos. Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de música e artes escénicas, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño.</p>	<p>5,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente onde conste a pertenza ao corpo de catedráticos ou fotocopia compulsada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento.</p>
<p>3. Méritos académicos: Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos universitarios oficiais con validez no Estado español. (Ver disposición complementaria terceira)</p>	<p>Máximo 10 puntos</p>	
<p>3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:</p>		
<p>3.1.1. Por posuír o título de doutor:</p>	<p>5,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 para a aplicación dos Reais decretos 185/1985, do 23 de xaneiro, e 1496/1987, do 6 de novembro, en materia de expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 13 de xullo) ou na Orde ECI/2514/2007, do 13 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais de Máster e Doutor (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).</p>
<p>3.1.2. Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixisen, polo menos, 60 créditos.</p>		<p>3,0000 puntos</p>

<p>3.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito non se valorará cando sexa alegado o título de doutor</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado-diplomada correspondente.</p>
<p>3.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música, pola mención honorífica no grao superior.</p>	<p>1,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada da documentación xustificativa do mesmo.</p>
<p>3.2. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se participa, valoraranse da forma seguinte:</p>		
<p>3.2.1. Titulacións de grao: Polo título universitario oficial de grao ou equivalente.</p>	<p>5,0000 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subpunto 3.1.1.</p>
<p>3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente. No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.</p>	<p>3,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos devanditos títulos ou ciclos.</p>

<p>3.2.3. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. As titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciado unicamente se valorarán como un segundo ciclo.</p>	<p>3,0000 puntos</p>	
<p>3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional: As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional, caso de non ser as esixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:</p>		<p>Para valorar os certificados das escolas oficiais de idiomas e título profesional de música ou danza: Fotocopia compulsada do certificado/título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do devandito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes a súa obtención. Para valorar as titulacións da epígrafe e) deberá presentarse certificación académica na que conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes á obtención dos devanditos títulos.</p>
